

FOOTBALL FLAG

Descrición das posición

- Quarterback (QB):
 - o É o capitán do equipo.
 - o O QB elixe as xogadas de ataque.
 - o Empeza as xogadas detrás do Center (C) de quen recibe o balón mediante un “snap”.
 - o Ten a opción de entregar o balón en mano u facer un pase a un dos seus compañeiros.
- Center (C):
 - o O Center entrega a pelota no snap ó inicio de cada xogada ó QB. O snap é a acción de entregar o balón entre as súas pernas ó QB.
- Wide Receiver (WR) ou receptor:
 - o O WR é o responsable de atrapar os pases que lanza o QB e correr co balón.
 - o O WR tamén pode recibir unha entrega en man “handoff”.
- Running Back (RB):
 - o O RB empeza a xogada detrás do QB ou cerca del e é o responsable de recibir os handoffs do QB e correr co balón.
- Defensive Backs (DB):
 - o Todas as posición defensivas no Football Flag son chamadas Defensive Backs.
 - o O DB é o responsable de parar ós xogadores en ataque e de intentar interceptar ou gañar a posesión do balón.

Forma de xogar

O equipo que ten a posesión do balón desde a súa yarda 5 ten 4 intentos para atravesar o medio campo. Non hai chuts. Se o consegue disporá de catro downs máis para tratar de facer touchdown. Se o ataque falla no seu propósito, a posesión do balón cambia e o novo equipo atacante iniciará a súa posesión desde a súa propia yarda 5. En todos os cambios de posesión (excepto as intercepcións), o novo equipo de ataque comeza na súa yarda 5.

Os equipos cambian de End Zone despois de cada metade.

Un equipo pode estar formado por xogadores de ambos sexos en todas as categorías. En competicións oficiais os equipos compóñense dun máximo de 10 xogadores e un mínimo de 6 xogadores.


Anotacións

- a. TOUCHDOWN: 6 puntos.
- b. PUNTO EXTRA: 1 punto, xogado desde a yarda 5.
- c. PUNTO EXTRA: 2 puntos, xogado desde a yarda 12.
- d. SAFETY: 2 puntos.

los jugadores sobre el campo

END ZONE

ATAQUE



Defensive Backs

DEFENSA

← Línea de scrimmage

END ZONE

8
5
2

Carreira

- Para iniciarse a xogada, débese realizar o snap no que o balón debe pasar por entre as pernas do center.
- O center non pode recibir un handoff do QB inmediatamente despois de que realizase o snap.
- O quarterback é o xogador que recibe o snap do center.
- O quarterback non pode atravesar a liña de scrimmage correndo coa pelota, excepto cando entregase a pelota a outro xogador e devolvéronlla a el.
- Na mesma xogada de ataque pódense realizar varios handoffs por detrás da liña de scrimmage a condición de que sexan pase cara atrás ou ben lateralmente. Se se realiza cara a adiante será considerado un pase (pódese realizar un por xogada).
- Os pases cara atrás por detrás da liña de scrimmage están permitidos e son xogadas de carreira.
- Cando o balón cruza a liña de Scrimmage, xa non pode ser pasado de ningunha maneira, nin en pase cara atrás, nin en handoff, nin en pase cara a adiante.
- As Zonas de Non Carreira están localizadas 5 yardas por diante de cada End Zone. Cando a pelota estea en ou dentro da liña de 5 yardas, o ataque non pode realizar xogadas de carreira.
- O xogador que toma un handoff, toss ou pitch pode posteriormente pasar o balón a condición de que se atope por detrás da liña de scrimmage.
- Todos os xogadores de defensa poderán entrar a presionar no momento en que se produza un handoff ou un pase cara atrás, e tamén cando o ataque simúleas nunha xogada de engano.
- Rotar sobre si mesmo por parte do xogador que leva o balón está permitido, pero non poderá nin saltar nin lanzarse ao chan para evitar a un contrario e gañar yardas.
- A pelota será situada para a seguinte xogada onde estaba o pé máis adiantado do xogador que levaba o balón cando lle quitaron o Flag, non onde estivese o balón.

Recepción

- Todos os xogadores son elexibles para recibir un pase (incluído o QB se anteriormente entregou o balón a un compañeiro por detrás da liña de scrimmage).
- Un xogador pode estar en motion (movemento), pero non en dirección a End Zone rival no momento do snap.

Pase

- So os xogadores de defensa que estén a 7 ou máis yardas no momento do snap poderán entrar a presionar o pasador.

- O QB dispón de 7 segundos para pasar o balón. Se o pase non se fixo transcurridos os 7 segundos a xogada finaliza. O ataque perde o down e volve a iniciar o ataque desde o mesmo punto que o anterior.
- Só se permite un pase hacia adiante por down.

Presión ó QB

- Todos os xogadores que presionen o QB deberán estar como mínimo a 7 yardas da liña de scrimmage no momento do snap. Non hai número máximo de xogadores que poidan presionar o QB. Os xogadores que non presionen o QB poderán estar na liña de scrimmage. Recordade que bloqueos e placaxes non están permitidos.

Faltas en defensa

- Fora de xogo: cando calquer xogador cruza a liña de scrimmage antes de que se produza o snap.
- Tirar ilegalmente do flag: quitarlle o flag a un xogador antes de que este recibira o balón.
- Contacto ilegal: agarrar, bloquear, placar,...

Faltas en ataque

- Esconder o flag ou impedir coa man ó rival que o quite.
- Agarrar a un rival.
- Motion ilegal: máis de un xogador en movemento antes do snap, ou un xogador en movemento hacia a end zone rival.
- Tirarse ó chan.
- Pase hacia adiante ilegal: realízase máis dun pase hacia adiante na mesma xogada ou realízase unha vez atravesada a liña de scrimmage.

- Carreira na zona de “Non carreira”: perda de down e a seguinte xogada desde onde se iniciou a anterior.

Conceptos

- DOWN: o equipo ten catro intentos para cruzar a liña de medio campo, e se o conseguen volverán a dispor de 4 intentos máis para anotar. O down finaliza cando o portador da pelota se lle quita o flag ou sae dos límites do terreo ou o balón toca o chan.
- END ZONE: é a área situada nos extremos do campo. A misión da defensa é impedir que o ataque consiga levar a esta zona co balón.
- EXTRA POINT: despois dun touchdown o ataque ten unha oportunidade para anotar máis puntos, cunha xogada desde a yarda 5 (vale 1 punto) ou desde a yarda 12 (vale 2 puntos).
- HANDOFF: é unha entrega directa as mans dun xogador.
- LIÑA DE SCRIMMAGE: liña imaxinaria que cruza o campo de lado a lado e separa o ataque e a defensa ó inicio da xogada.
- MOTION: cando un RB ou WR cambian a súa posición antes de que se realice o snap. Este xogador pode correr en calquera dirección hacia as bandas pero nunca en dirección á liña de scrimmage.
- SAFETY: cando a un xogador de ataque que leva o balón a defensa lle quita o flag estando na súa propia zona de anotación. A xogada finaliza e a defensa anota 2 puntos. A defensa recuperará a posesión do balón e comenzará a atacar desde a súa yarda 5.